

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

1782 *Real decreto lei 3/2019, do 8 de febreiro, de medidas urxentes no ámbito da ciencia, a tecnoloxía, a innovación e a universidade.*

I

A investigación científica e técnica, o desenvolvemento e a innovación, incluído o ámbito universitario, constitúen factores indispensables para o crecemento económico dun país e contribúen de maneira decisiva ao progreso e benestar sociais. De aí que, desde finais da década dos noventa e observando o diferencial de competitividade, na axenda da Unión Europea as políticas de I+D+i ocuparon un lugar destacado, e considerouse como unha das claves para a creación de emprego e o crecemento a longo prazo a mellora da competitividade e a produtividade, e para atender os retos internacionais.

Ao longo dos últimos anos, o descenso no investimento público no sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación ocasionou un progresivo atraso con respecto á Unión Europea e a perda de eficiencia no funcionamento dos ditos órganos, sumado aos progresivos incrementos normativos no sistema de control da xestión dos organismos e entidades que forman parte do dito sistema.

As medidas contidas no presente real decreto lei permitirán aos organismos e entidades que forman parte do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación cumprir máis eficazmente o propósito primordial que os asiste, cal é o de fomentar a investigación científica e técnica en todos os ámbitos do coñecemento, como factor esencial para desenvolver a competitividade e a sociedade baseada no coñecemento, mediante a creación dun contorno económico, social, cultural e institucional favorable ao coñecemento e á innovación.

Existe un consenso claro a nivel político e social de acordo co cal a economía española debe avanzar cara a un modelo produtivo en que a innovación está chamada a incorporarse definitivamente como unha actividade sistemática de todas as empresas, con independencia do seu sector e tamaño, e no cal os sectores de media e alta tecnoloxía terán un maior protagonismo. A aposta pola investigación e a innovación é fundamental no contexto de límites ambientais, para facilitar a transición ecolóxica da economía e para garantir un desenvolvemento sustentable, seguro, xusto e duradeiro.

A situación da investigación e o desenvolvemento en España no período 2010-2017 mostra, porén, unha tendencia preocupante.

Así, de acordo cos últimos datos estatísticos dispoñibles, en 2017 en España a ratio de investimento I+D sobre PIB supuxo un 1,20 % (INE), mentres que a media da UE-28 foi do 2,07 % (Eurostat). Na última década, esta fenda de investimento público e privado en I+D entre España e a media da UE lonxe de reducirse agrandouse. No período 2009-2017, mentres o conxunto da UE investiu un 22 % máis en I+D, España investiu un 5,8 % menos. Esta tendencia sitúanos cada vez máis lonxe do obxectivo da Unión Europea de investir no ano 2020 o 3 % do PIB en investigación e desenvolvemento para xerar crecemento e emprego.

Desde o inicio da crise económica até 2017, reduciuse o investimento público en I+D un 26,2 % en España até situalo en niveis de investimento similares aos de 2007, un salto atrás de dez anos.

Na actualidade, non queda ningún tipo de dúbida acerca da estreita vinculación entre o investimento en I+D e o crecemento económico dos Estados. Aqueles que máis investiron –e de maneira máis constante– ao longo dos anos son os que gozan de maiores niveis de riqueza e, sobre todo, de maior fortaleza económica para resistir os embates das crises económicas.

Resulta, por tanto, máis necesario que nunca adoptar pasos decididos a favor do fomento do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, dotándoo dos instrumentos máis áxiles para a consecución dunha tripla serie de obxectivos.

En primeiro lugar, permitir un investimento público e privado máis eficaz nos organismos e entidades que forman parte do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, adoptando as decisións necesarias para facilitalo a través desta disposición con forza de lei.

En segundo lugar, fomentar a incorporación do talento nestas organizacións e entidades, potenciando que os mellores investigadores poidan incorporarse e consolidar as súas carreiras no Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, nun contexto de estabilidade orzamentaria e financeira e que poidan centrar os seus esforzos na consecución dos obxectivos da investigación, o desenvolvemento e a innovación. Perséguese, así, revertir a tendencia negativa da última década, onde moitos investigadores e investigadoras tiveron que deixar as súas carreiras científicas ou tiveron mesmo que emigrar co fin de poder desenvolver plenamente as súas carreiras e capacidades profesionais.

Neste sentido, a través de diversos mecanismos de carácter complementario ao previsto no presente real decreto lei, adoptaranse medidas tendentes ao citado fomento da incorporación do talento nestas entidades: reforzaranse as ofertas de emprego público con obxecto de dotar de medios persoais e mellorar o emprego público no ámbito da investigación, o desenvolvemento e a innovación e da política científica e tecnolóxica.

De igual maneira, a través da priorización en futuras ofertas do acceso ao emprego público no ámbito da I+D+i, permitindo así dotar as entidades, organismos e administracións competentes en materia científica, tecnolóxica e de innovación, así como as universidades públicas, do persoal minimamente necesario para acometer adecuadamente o exercicio das súas atribucións e competencias para un mellor desenvolvemento da investigación, e adoptando as medidas que resulten pertinentes no ámbito da taxa de reposición de efectivos no dito ámbito.

Co anterior, mellorarán substancialmente os procedementos de xestión interna do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, o que dará lugar a un mellor cumprimento das súas funcións no ámbito da I+D+i, pois quedarán así cubertos os servizos comúns necesarios para dar apoio aos organismos e entidades na realización dos seus labores específicos.

E por último e en terceiro lugar, mediante este real decreto lei preténdese axilizar progresivamente a xestión no ámbito do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, dotándoo dos mellores instrumentos procedementais co fin de que as carreiras dos investigadores poidan dedicarse integramente ao labor que lles é propio, diminuindo as excesivas cargas administrativas que, en ocasións, poden resultar contraproducentes, sen minorar en ningún caso o control da súa xestión a través dos mecanismos públicos establecidos.

Para os efectos, por tanto, de alcanzar os ditos obxectivos no ámbito do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, resulta máis necesario que nunca mellorar os procedementos de xestión das unidades e centros dedicados ao desenvolvemento científico e tecnolóxico, á investigación e á innovación.

A concorrencia dos requisitos de extraordinaria e urxente necesidade a que fai referencia o artigo 86 da Constitución española queda patente no presente caso, tendo en conta as negativas consecuencias que poderían derivar, nos próximos anos, como resultado da inacción dos poderes públicos no ámbito da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, pois tal e como se viu previamente os números mostran unha progresiva involución no investimento e eficiencia do sistema, o que podería levalo a unha parada técnica nun breve espazo de tempo, imposibilitando a posteriori alcanzar o nivel que merece o Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.

Neste sentido, e de conformidade con reiterada doutrina do Tribunal Constitucional, o concepto de extraordinaria e urxente necesidade que contén a Constitución non é, en modo ningún, «unha cláusula ou expresión baleira de significado dentro da cal a

lóxica marxe de apreciación política do Goberno se mova libremente sen restrición ningunha, senón, polo contrario, a constatación dun límite xurídico á actuación mediante decretos leis», razón pola cal este tribunal pode, «en supostos de uso abusivo ou arbitrario, rexeitar a definición que os órganos políticos fagan dunha situación determinada» (SSTC 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4, e 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5).

O control do Tribunal Constitucional consiste nun control xurisdiccional *ex post* e ten por misión velar por que o Goberno non se aparte da marxe de apreciación concedida pola norma, isto é, que aquel se mantéña dentro do concepto xuridicamente accesible que é a situación de «extraordinaria e urxente necesidade». Trátase, en definitiva, dun «control externo, no sentido de que debe verificar, pero non substituír, o xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno» (STC 142/2014, do 11 de setembro, FX 3, e as que alí se citan).

A adecuada fiscalización do recurso ao decreto lei require a análise de dous aspectos desde a perspectiva constitucional: por un lado, a presentación explícita e razoada dos motivos que foron tidos en conta polo Goberno na súa aprobación (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3, e 137/2003, do 3 de xullo, FX 4) e, por outro lado, a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para remediála (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3, e 137/2003, do 3 de xullo, FX 4).

Como sinala a STC 332/2005, do 15 de decembro (FX 6), aínda que ambos os aspectos están intimamente ligados, o seu exame por separado facilita desde un punto de vista metodolóxico a análise das consideracións das partes e, en última instancia, o control que lle corresponde efectuar ao Tribunal Constitucional.

En canto á definición da situación de urxencia, a doutrina precisou que non é necesario que tal definición expresa da extraordinaria e urxente necesidade deba conterse sempre no propio real decreto lei, senón que tal presuposto cabe deducilo igualmente dunha pluralidade de elementos.

En canto á segunda dimensión do presuposto habilitante da lexislación de urxencia –conexión de sentido entre a situación de necesidade definida e as medidas que no real decreto lei se adoptan– a doutrina do Tribunal Constitucional «afirmou un dobre criterio ou perspectiva para valorar a existencia da conexión de sentido: o contido, por un lado, e a estrutura, por outro, das disposicións incluídas no Real decreto lei controvertido» (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 1/2012, do 13 de xaneiro, FX 11, e 39/2013, do 14 de febreiro, FX 9).

O Tribunal Constitucional veu admitindo o uso do decreto lei en situacións que se cualificaron como «conxunturas económicas problemáticas», para cuxo tratamento representa un instrumento constitucionalmente lícito, en canto que pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro que remediar «situacións concretas dos obxectivos gobernamentais que por razóns difíciles de prever requiran unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis» (SSTC 31/2011, do 17 de marzo, FX 4; 137/2011, do 14 de setembro, FX 6, e 100/2012, do 8 de maio, FX 8).

Neste caso, o carácter estrutural da reforma para efectos de permitir o adecuado funcionamento do Sistema español da ciencia, a tecnoloxía e a innovación desprégase nas dúas grandes modificacións normativas abordadas a través del: aquelas disposicións, por un lado, que permitirán un investimento máis eficaz no citado sistema, e aquelas outras que coadxuvan á consecución do dito obxectivo económico-financieiro, mediante a necesaria simplificación de trámites de xestión nos organismos e entidades que forman parte do sistema, facilitando así o seu ordinario funcionamento e evitando o colapso administrativo en que, en ocasións, se ven sumidos, ao subsumir a xestión de políticas sectoriais de gran complexidade en marcos xerais normativos que non atenden ás

especificidades propias do funcionamento e organización da investigación, o desenvolvemento, a innovación e a política científica e tecnolóxica.

Débase advertir que o feito de que se considere unha reforma estrutural non impide, por si soa, a utilización da figura do decreto lei, pois o posible carácter estrutural do problema que se pretende atallar non exclúe que o dito problema poida converterse nun momento dado nun suposto de extraordinaria e urxente necesidade, que xustifique a aprobación dun decreto lei, o que deberá ser determinado atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso (STC 137/2011, FX 6; reiterado en SSTC 183/2014, FX 5; 47/2015, FX 5, e 139/2016, FX 3).

II

De conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o presente real decreto lei axústase aos principios de boa regulación e, en particular, aos principios de necesidade e eficiencia, existindo fundadas razóns de interese xeral para a súa aprobación, tendo en conta o retroceso do investimento público e privado en investigación, desenvolvemento e innovación dos últimos exercicios e a necesidade de dotar o Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación de mecanismos áxiles que lle permitan a atracción do talento humano e dos investimentos necesarios para evitar o retroceso das políticas científicas e tecnolóxicas no noso país, situándoo de novo na media dos Estados do noso contorno en materia de xestión innovadora e investimentos.

Trátase, igualmente, dunha disposición con forza de lei na cal resulta evidente o principio de proporcionalidade, xa que as medidas recollidas nela (tanto as relativas á xestión de recursos humanos como as propias en materia de xestión económico-financeira, orzamentaria, de contabilidade, control e tramitación administrativa no ámbito dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado) se axustan plenamente ao obxectivo que pretende conseguirse mediante este instrumento, cal é o de garantir a eficacia na xestión do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, fomentando o adecuado funcionamento dos organismos e entidades que forman parte del, atraendo o mellor talento en materia de persoal a estes organismos e entidades, evitando así a fuga de cerebros, e impulsando o incremento do investimento tanto público como privado no dito sistema, co fin de volver situar a política científica, tecnolóxica e de innovación no centro do debate público e da acción de goberno.

As medidas contidas no presente real decreto lei son adecuadas e proporcionadas ás necesidades que exige o seu ditame, sen que para estes efectos caiba considerar que existan outras alternativas menos restritivas ou que impoñan menos obrigacións aos destinatarios: máis ben ao contrario, tras a adopción desta norma con rango de lei estableceranse procedementos de xestión máis áxiles para todos os interesados en cada un dos organismos e entidades sinalados, permitíndolles así unha mellor consecución dos seus obxectivos no ámbito da ciencia, a tecnoloxía, a investigación, o desenvolvemento e a innovación.

III

O presente real decreto lei estrutúrase en cinco artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria e catro disposicións derradeiras.

Regúlase, así, a contratación de persoal laboral dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado con cargo aos créditos de investimentos, permitindo a estes contar con informes-tipo anuais da Avogacía do Estado, para efectos de axilizar a xestión das contratacións de carácter laboral efectuadas polos ditos organismos: co anterior mellorarán substancialmente os procedementos de xestión interna do Sistema español da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, dando lugar a un mellor cumprimento das súas funcións no ámbito da investigación, o desenvolvemento e a innovación, pois quedarán así cubertos os servizos necesarios para dar apoio aos organismos e entidades na realización dos seus labores específicos.

Outra das medidas extraordinarias adoptadas a través da presente norma, co fin de que a adecuada xestión financeira non prexudique as funcións de investigación que lles son propias, consiste en establecer un mandato para que no prazo dun ano se adopten as medidas necesarias que permitan aos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado que non teñan a condición de axencia estatal contar cunha xestión financeira centralizada.

Xunto ao anterior, e tamén no ámbito da xestión económico-financiera dos organismos públicos de investigación, establécense medidas relativas ás regras de control interno da referida xestión, con obxecto de coadxuvar ao seu fin de contribuir á xeración, difusión e transferencia do coñecemento para resolver os problemas esenciais da sociedade como factor crucial para desenvolver a competitividade e a sociedade baseada no coñecemento, mediante a creación dun contorno económico, social, cultural e institucional favorable ao coñecemento e á innovación; establécese así que o control interno dos ditos organismos será o control financeiro permanente, de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e no Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro, polo que se desenvolve o réxime do control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

Mediante a dita medida garántese en todo momento o adecuado control interno da xestión económico-financiera propia dos ditos organismos, atribuíndo á Intervención Xeral da Administración do Estado o exercicio das funcións de control financeiro permanente sobre esta, o que lle permitirá verificar, dunha forma continua realizada a través da correspondente intervención delegada, a situación e o funcionamento das entidades do sector público estatal no aspecto económico-financiero, para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que as rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira e, en particular, ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e de equilibrio financeiro, tal e como preceptúa o artigo 157 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Neste sentido, cabe sinalar que a disposición derradeira vixésimo novena da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, introduciu un novo punto quinto no Acordo do Consello de Ministros do 20 de decembro de 2013, sobre réxime de control económico-financiero aplicable pola Intervención Xeral da Administración do Estado a determinados organismos públicos, que xa exime da función interventora, substituíndoa polo control financeiro permanente, todas aquelas actuacións dos organismos públicos de investigación que dean lugar á realización de gastos e pagamentos financiados total ou parcialmente con fondos provenientes de institucións comunitarias ou internacionais. Esta medida, por tanto, complementa o establecido na citada Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, sen mingua, en ningún caso, do control interno da súa xestión económico-financiera por parte da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Tamén se habilitan os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, as universidades públicas non transferidas, así como os consorcios, fundacións e outras entidades de dereito público que sexan axentes de execución do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación e se encontren adscritos ao Estado, para concertar operacións de crédito como consecuencia dos anticipos reembolsables que se lles conceden con cargo ao capítulo 8 do orzamento da Administración xeral do Estado, nos termos que establezan as correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado. Esta autorización será aplicable unicamente aos anticipos que se concedan co fin de facilitar a dispoñibilidade de fondos para o pagamento da parte dos gastos que, unha vez xustificadas, se financien con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ou ao Fondo Social Europeo.

Estipúlase, igualmente, que a Axencia Estatal de Investigación, para executar a comprobación de subvencións e axudas concedidas no marco do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación, ou no dos instrumentos que os substitúan, se for o caso, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, poderá solicitar a colaboración, retribuída ou non, de empresas privadas de auditoría ou auditores

de contas ou realizar encargos a medios propios, que deberán axustarse ás normas e instrucións que aquela determine, tendo en conta a escaseza de persoal no seo da dita axencia para asumir, dentro dos prazos legalmente establecidos e cos seus medios propios, a carga de traballo existente e futura, adoptando así as recomendacións formuladas a través da Resolución do 18 de decembro de 2012, aprobada pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas en relación co Informe de fiscalización do programa orzamentario 463B «Fomento e Coordinación da Investigación Científica e Técnica», exercicio 2005.

Así mesmo, adóptanse, mediante a presente norma, medidas de apoio financeiro ás actuacións en parques científicos e tecnolóxicos, consistentes en que aqueles que, contando cun plan de viabilidade, acrediten encontrarse nunha situación financeira que lles impida cumprir coas correspondentes obrigacións de pagamento, poderán solicitar o aprazamento de cotas de amortización con vencemento en 2019 derivadas de préstamos ou anticipos concedidos en virtude das convocatorias xestionadas exclusivamente polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (ou o ministerio competente en materia de investigación, desenvolvemento e innovación en anos anteriores) desde o ano 2000.

Os parques científicos e tecnolóxicos, ao ser o punto de encontro e colaboración entre os distintos suxeitos do sistema ciencia-tecnoloxía-empresa, son fundamentais para o cambio de modelo económico que o noso país está realizando. Este modelo, apoiado claramente por todas as administracións, baséase no desenvolvemento do tecido empresarial asentado no coñecemento e a tecnoloxía.

A situación económica do noso país repercutiu negativamente na situación das promotoras dos parques científicos e tecnolóxicos, que se viron seriamente afectados na súa capacidade de xeración de ingresos. Como consecuencia disto, faise imposible para estas entidades o cumprimento das obrigacións de reembolso derivadas dos préstamos que foron concedidos en virtude das sucesivas convocatorias de axudas outorgadas pola Administración xeral do Estado.

Para paliar esta situación introduciuse, a través de disposicións adicionais ás leis de orzamentos xerais do Estado para os anos 2011, 2012, 2013, 2014, 2015 e 2017, un procedemento que permitía a posibilidade de aprazamento das cotas de amortización, e sen variación no prazo máximo de vencemento do préstamo.

Non obstante as diferentes moratorias, para algúns parques non se resolveu a situación da débeda contraída coa Administración no marco dos anticipos reembolsables, sendo a situación actual de gran dificultade para devolver eses préstamos e co agravante da acumulación dos importes que hai que devolver no ano 2019, o que pon en serio risco a viabilidade dalgúns destes parques.

A dita situación non sería desexable para as entidades que están xa tendo resultados positivos e que son viables de cara ao futuro, polo que parece máis conveniente refinancialas, de modo que retornen os créditos nun prazo maior e sigan cumprindo co seu obxectivo de facilitar a colaboración público-privada en I+D+i. Polo tanto, faise necesario dispor dunha actuación que posibilite o refinanciamento destes pagamentos.

O real decreto lei contén, igualmente, medidas destinadas a permitir a mellor devolución dos denominados «préstamos renda-universidade», que foron concedidos a través de diversas entidades de crédito en virtude dun acordo formalizado entre o ministerio competente en materia universitaria e o Instituto de Crédito Oficial entre os anos 2007 e 2010, coa finalidade de colaborar no financiamento das ensinanzas de máster universitario e, posteriormente, tamén de doutoramento.

Dada a crise económico-financeira que houbo ao longo dos últimos anos, moitos dos prestameiros encóntranse ante a imposibilidade de facer fronte aos pagamentos debidos en virtude destes préstamos, o que require da adopción de medidas urxentes que palíen un posible sobreendebedamento dos estudantes, de consecuencias extraordinariamente negativas para a súa solvencia presente e futura, xa que a imposibilidade de facer fronte aos pagamentos pendentes provoca que estes se vexan impedidos á hora de poder subscribir outros instrumentos financeiros, realizar determinadas operacións con entidades de crédito e, en definitiva, avanzar nas súas perspectivas económicas e vitais.

Por isto, establécese un límite de 22.000 euros de base impositible xeral e do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas para posibilitar a devolución do montante íntegro do préstamo unha vez que o prestameiro xere unha renda que lle permita facer fronte a este e amplíase o período de carencia dos ditos préstamos até tal momento, establecéndose un prazo de devolución do préstamo de 15 anos.

Procédese, igualmente, mediante o presente real decreto lei a modificar diversos preceptos da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, referidos á tramitación de convenios, aos procedementos de selección e avaliación do persoal docente e investigador e aos contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans e programas públicos de investigación científica e técnica ou de innovación.

Tal e como establece a parte expositiva do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, a subscrición de convenios consolidouse no tempo como unha das técnicas funcionais máis importantes de cooperación entre as distintas administracións públicas, así como co sector privado, naqueles casos en que esta figura é permitida polo noso ordenamento xurídico.

Nos organismos públicos de investigación e nas universidades, a citada actividade de cooperación mediante a subscrición de convenios ou outras fórmulas é, se cabe, de maior importancia. En efecto, a natureza das funcións dos organismos públicos de investigación e as universidades caracterízase por desenvolverse principalmente no marco de relacións colaborativas en espazos mixtos público-privados tanto nacionais como internacionais, contando por isto con financiamento externo dunha pluralidade de axentes que orientan e destinan a actividade cara a un fin ou resultado concreto.

Todo isto require dun especial dinamismo e celeridade que facilite a estas entidades a competitividade fronte a outros axentes nacionais e internacionais, suxeitas aos estritos calendarios e prazos de execución dos proxectos, contratos e demais actuacións singulares de investigación que se realizan que, nunha proporción cada día máis importante, o fan de forma colaborativa con outros suxeitos dotados de personalidade xurídica propia.

Esta especificidade da actividade colaborativa dos organismos públicos de investigación e as universidades preside e déixase sentir ao longo de todo o texto legal que regula a ciencia en España, a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación. En concreto, esta lei recoñece no seu artigo 34 a singularidade dos convenios subscritos polos axentes públicos do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación (entre os cales se inclúen os organismos públicos de investigación e as universidades), inseríndoos como unha das técnicas principais para o impulso da investigación científica e técnica, a innovación, a transferencia do coñecemento e a difusión e a cultura científica, tecnolóxica e innovadora.

No ámbito da ciencia –e dado que de acordo coa Constitución se trata dunha competencia concorrente entre todas as administracións públicas–, o convenio foi un instrumento moi recorrente e flexible, que facilita as relacións entre institucións de investigación, o intercambio entre grupos e científicos, o desenvolvemento de sinerxías e actuacións conxuntas de todo tipo mediante a realización de proxectos, a posta en común de infraestruturas e de bases de datos, a realización de estadias noutras institucións, etc. Con isto quérese recalcar que o convenio non é usado nos organismos públicos de investigación e universidades para articular colaboracións de delicado contido xurídico para coordinar e solucionar o exercicio de competencias exclusivas entre dúas administracións públicas a través dos seus órganos administrativos, senón que supón o instrumento operativo de moitas actividades do día a día dos grupos de investigación, que permite que as experiencias e o caudal científico flúa a través de iniciativas multidisciplinares.

En definitiva, a natureza intrinsecamente colaborativa da actividade científica e o carácter dinámico e necesariamente expeditivo das súas actuacións reclaman un tratamento específico do ordenamento administrativo á hora de regular e facilitar o uso dun dos seus principais instrumentos: o convenio.

Modifícase, por tanto, mediante esta norma o precitado artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, co fin de mellorar a operatividade destes instrumentos de colaboración, permitindo axustar a súa duración á realidade dos proxectos de investigación científica, técnica e de innovación que motivan a súa subscripción.

Ademais, co fin de garantir a igualdade de oportunidades no desenvolvemento da carreira profesional no ámbito da investigación, desenvolvemento e innovación, exhórtase a que os procedementos de selección e avaliación do persoal docente e investigador ao servizo das universidades públicas, e do persoal investigador e de investigación ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, terán en conta as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade, de forma que as persoas que se encontren ou se encontrasen nas ditas situacións teñan garantidas as mesmas oportunidades que o resto do persoal que participa nos procesos de selección e avaliación, e o seu expediente, méritos e currículum vitae non resulten penalizados polo tempo transcorrido nas ditas situacións.

A Lei 14/2011, do 1 de xuño, supuxo un avance importante en materia de igualdade de xénero ao incluír, entre outras medidas, o requisito de composición paritaria de todas as comisións e comités avaliadores na carreira científica e a avaliación cega do currículum de profesionais e de proxectos. A medida que se establece agora a través deste real decreto lei suporá unha garantía complementaria que asegurará a igualdade de trato e de oportunidades e facilitará a integración das mulleres no Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación e a súa promoción e evolución nas traxectorias profesionais científico-técnicas.

Por último, introdúcense modificacións adicionais á Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, co fin de habilitar as administracións públicas, organismos públicos, universidades públicas e outras entidades do sector público consideradas axentes de execución do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación para realizar contratos, de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e concorrencia, para a execución de plans e programas públicos de investigación científica e técnica ou de innovación, e financiados mediante consignacións orzamentarias anuais consecuencia de ingresos externos de carácter finalista.

Polo que respecta aos títulos competenciais en virtude dos cales se procede á aprobación do presente real decreto lei, este dítase ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado conforme o artigo 149.1.15.^a e 18.^a da Constitución sobre fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica e as bases do réxime xurídico das administracións públicas, respectivamente.

Exceptúanse do anterior a disposición adicional única, que se dita ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 14.^a da Constitución, que atribúen ao Estado competencia exclusiva nas bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e en materia de facenda xeral e débeda do Estado, e a disposición transitoria única que se dita ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para o establecemento das normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Pola súa parte, as disposicións derradeiras primeira e segunda, que modifican, respectivamente, a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ampáranse nos mesmos títulos competenciais que as normas modificadas.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Ciencia, Innovación e Universidades e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de febreiro de 2019,

DISPONGO:

Artigo 1. Contratación de persoal laboral dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado con cargo aos créditos de investimentos.

Co obxecto de axilizar a contratación, por parte dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, de persoal para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica, en virtude do disposto nos artigos 26.7 e 30 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, a Avogacía do Estado articulará informes-tipo de carácter anual que emitirán informe sobre a proposta xeral de contratos que se efectúe para o conxunto da anualidade, sen que, posteriormente, resulte necesario emitir un informe para cada unha das propostas específicas de contratación.

Artigo 2. Xestión financeira dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

Co fin de que a adecuada xestión financeira non prexudique as funcións de investigación que lles son propias, no prazo dun ano deberán adoptarse as medidas necesarias que permitan aos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado que non teñan a condición de axencia estatal contar cunha xestión financeira centralizada.

Artigo 3. Réxime de control interno da xestión económico-financiera dos organismos públicos de investigación.

1. Os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado quedarán suxeitos ao control financeiro permanente en substitución da función interventora, de acordo co disposto no número 2 do artigo 149 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Con independencia do previsto no artigo 161 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, os organismos públicos de investigación deberán dar conta á Intervención Xeral da implementación das recomendacións que consten nos informes definitivos no prazo dun mes desde a súa emisión.

A Intervención Xeral da Administración do Estado elaborará un informe global anual de control financeiro permanente e, en caso de que estea recollido no correspondente plan anual de auditoría, de auditoría pública dos organismos públicos de investigación que recollerá os resultados máis significativos dos informes emitidos, así como das recomendacións e o seu seguimento. O dito informe deberá ser obxecto de publicación.

3. Se, transcorridos dous anos desde a suxeición destes organismos ao control financeiro permanente en substitución da función interventora, ou en calquera momento posterior, se considera que os sistemas e procedementos de xestión económico-financiera dun organismo non resultan adecuados nos termos anteriormente previstos, o Consello de Ministros, por proposta da Intervención Xeral, poderá acordar a aplicación da función interventora nos termos establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, conforme a natureza xurídica do organismo.

Artigo 4. Operacións de crédito autorizadas.

1. Os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado e as universidades públicas non transferidas, así como os consorcios, fundacións e outras entidades de dereito público que sexan axentes de execución do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación e se encontren adscritos ao Estado, poderán concertar operacións de crédito como consecuencia dos anticipos reembolsables que se lles conceden con cargo ao capítulo 8 do orzamento da Administración xeral do Estado, nos termos que se establezan na correspondente lei de orzamentos xerais do Estado.

2. Esta autorización será aplicable unicamente aos anticipos que se concedan co fin de facilitar a dispoñibilidade de fondos para o pagamento da parte dos gastos que, unha vez xustificadas, se financien con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ou ao Fondo Social Europeo.

Artigo 5. *Colaboración na comprobación de subvencións e axudas concedidas no marco do Plan estatal de investigación científica e técnica e do Plan estatal de innovación.*

A Axencia Estatal de Investigación, para executar a comprobación de subvencións e axudas concedidas no marco do Plan estatal de investigación científica e técnica e do Plan estatal de innovación, ou dos instrumentos de planificación que os substitúan, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, poderá solicitar a colaboración, retribuída ou non, de empresas privadas de auditoría ou auditores de contas, ou realizar encargos a medios propios, que deberán axustarse ás normas e instrucións que aquela determine. En particular, as relativas á protección da independencia e a incompatibilidade do persoal auditor susceptible de xerar influencia.

Para a fixación do obxecto e as condicións de colaboración previstas no presente artigo deberá solicitarse o informe previo da Intervención Xeral da Administración do Estado, que será emitido no prazo de tres meses desde a súa solicitude polo órgano competente da Axencia Estatal de Investigación.

Disposición adicional única. *Apoio financeiro ás actuacións en parques científicos e tecnolóxicos.*

As entidades promotoras de parques científicos e tecnolóxicos que acrediten encontrarse nunha situación financeira que lles impida cumprir coas correspondentes obrigacións de pagamento poderán solicitar o aprazamento de cotas de amortización con vencemento en 2019 derivadas de préstamos ou anticipos concedidos en virtude das convocatorias xestionadas exclusivamente polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (ou o ministerio competente en materia de investigación, desenvolvemento e innovación en anos anteriores) desde o ano 2000.

O aprazamento poderá ser concedido polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, logo do informe favorable do Ministerio de Facenda, conforme as seguintes condicións:

1. Respetaranse os límites de intensidade de axuda permitidos pola normativa comunitaria en materia de axudas de Estado.
2. Non variará o prazo máximo de vencemento dos préstamos e as cotas aprazadas poderán ser obxecto de fraccionamento.
3. As cotas aprazadas devindicarán o tipo de xuro da débeda emitida polo Estado en instrumentos con vencemento similar.
4. Deberán achegarse as garantías adicionais que en cada caso se determinen.
5. No caso de entidades do sector público, a operación deberá contar coa autorización da Administración á cal a entidade pertenza e, adicionalmente, a dita Administración deberá asumir subsidiariamente o pagamento da débeda cuxo aprazamento se solicita. Así mesmo, as cotas aprazadas poderán ser obxecto de compensación con calquera pagamento que deba realizarse desde o Estado á citada administración.

Mediante orde da persoa titular do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades poderán ditarse as instrucións que sexan precisas para o cumprimento desta disposición.

Disposición transitoria única. *Disposicións aplicables a determinados préstamos universitarios.*

1. Aquelas persoas que subscribisen préstamos universitarios concedidos a través das convocatorias aprobadas mediante a Orde CIN/2940/2008, do 14 de outubro, pola que se regulan os préstamos ligados á posesión dunha renda futura para realizar estudos de

máster universitario; a Orde EDU/3108/2009, do 17 de novembro, pola que se regulan os préstamos ligados á posesión dunha renda futura para realizar estudos de posgrao de máster universitario ou de doutoramento, e a Orde EDU/3248/2010, do 17 de decembro, pola que se regulan os préstamos universitarios para realizar estudos de posgrao de máster e de doutoramento, poderán, con anterioridade ao día 30 de xuño de 2019, optar pola novación dos seus respectivos instrumentos contractuais, de conformidade co estipulado nesta disposición transitoria, a cal comezará a ter efecto a partir da data sinalada.

2. A novación deberá ser solicitada polos prestameiros mediante o formulario tipo habilitado para o efecto na sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, dirixido ao secretario xeral de Universidades.

3. As condicións da dita novación serán as seguintes:

a) O prazo de amortización dos préstamos universitarios concedidos queda paralizado e só se reiniciará, para cada un dos prestameiros dos ditos instrumentos, a partir do exercicio seguinte a aquel en que o prestameiro supere no exercicio anterior o limiar de base impositivo xeral e do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de 22.000 euros.

Para efectos do inicio do período de amortización do préstamo correspondente, a Axencia Estatal de Administración Tributaria facilitará ao Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e ao Instituto de Crédito Oficial, do colectivo de prestameiros que se remita e logo da obtención da autorización dos interesados a que se refiran os datos obxecto da subministración, a información correspondente á base impositivo xeral e á base impositivo do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas do último exercicio cuxo prazo de declaración estea vencido, todo isto nos termos regulados polo artigo 95.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

b) Non poderán acollerse á dita opción os prestameiros cuxo limiar de base impositivo xeral e do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas superase os 22.000 euros e se encontren actualmente en proceso de devolución do seu correspondente préstamo.

c) O período de carencia dos préstamos a que resulte de aplicación esta disposición transitoria, sen devindicación de xuros, abranguerá os anos seguintes a aqueles en que o prestameiro final non alcance a de base impositivo xeral e do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de 22.000 euros.

En todo caso, establécese un período de carencia inicial até o 31 de decembro de 2019, para todos aqueles préstamos que se acollan á novación prevista nesta disposición transitoria.

d) O prazo de devolución das cantidades debidas será de 15 anos desde que se produza a novación do préstamo.

e) Cada anualidade en que se supere o limiar sinalado procederase á amortización dunha décima parte do importe pendente de pagamento.

f) A elevación a público da novación do préstamo non devindicará gasto notarial ningún.

g) Manteranse idénticas as restantes condicións económicas subscritas polos prestameiros coas entidades de crédito colaboradoras nos contratos de préstamo iniciais.

4. As persoas prestameiras que reembolsasen cantidades sen superar o limiar anteriormente referido con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei non poderán exixir a súa devolución.

5. O establecido nesta disposición non resultará de aplicación a aqueles prestameiros que, non tendo acreditado a finalización dos estudos que motivaron a concesión do préstamo, incumprisen as condicións xerais ou específicas deste, debendo proceder á devolución íntegra anticipada do debido.

6. Quedan condonadas as cantidades debidas e non amortizadas por aqueles que subscribisen os préstamos concedidos a través das convocatorias a que fai referencia o número 1 e que falezan con posterioridade á súa concesión.

7. Habilitase a persoa titular do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades para adoptar as disposicións que resulten precisas para dar lugar ao desenvolvemento e execución do disposto nesta disposición transitoria.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.*

Un. O artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 34. *Convenios.*

1. Os axentes públicos de financiamento ou execución do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, incluídas as administracións públicas, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, os consorcios e fundacións participadas polas administracións públicas, os organismos de investigación doutras administracións públicas, e os centros e institucións do Sistema nacional de saúde poderán subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo. Poderán celebrar estes convenios os propios axentes públicos entre si ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta das seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.
- b) Creación ou financiamento de centros, institutos, consorcios ou unidades de investigación e infraestruturas científicas.
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.
- d) Formación de persoal científico e técnico.
- e) Divulgación científica e tecnolóxica.
- f) Uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

2. Para os efectos do previsto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia dos convenios das letras a), c), d) e e) do número anterior, vinculados a un programa ou proxecto español, europeo ou internacional de I+D+i virá determinada nas cláusulas do propio convenio e non poderá superar en ningún caso os cinco anos de duración inicial. Os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga, antes da finalización do prazo de vixencia previsto, por un período de até cinco anos adicionais.

Os convenios das letras b) e f) do número anterior que afecten consorcios de infraestruturas de investigación europeas, así como os convenios da letra b) do número anterior polos que se crean ou financian centros, institutos, consorcios ou unidades de investigación e infraestruturas científicas que sexan axentes do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación poderán ter unha duración de dez anos, e os asinantes poderán acordar, unanimemente, a súa prórroga, antes da finalización do prazo previsto, por un período de até sete anos adicionais, sen prexuízo do prazo de duración que corresponda ao consorcio en función do cumprimento dos fins para os que foi creado, polas exixencias do proxecto científico ou pola natureza dos investimentos que requira ou pola súa amortización.

3. Nestes convenios incluíranse as achegas realizadas polos intervenientes, así como o réxime de distribución e protección dos dereitos e resultados da investigación, o desenvolvemento e a innovación. A transmisión dos dereitos sobre estes resultados deberase realizar cunha contraprestación que corresponda ao seu valor de mercado.

4. O obxecto destes convenios non poderá coincidir co de ningún dos contratos regulados na lexislación sobre contratos do sector público.

5. A creación de centros, institutos e unidades de investigación a través de convenios de colaboración terá en consideración en cada caso as normas propias de constitución que sexan de aplicación.

6. Poderán celebrarse, así mesmo, convenios con institucións e empresas estranxeiras como forma de promoción da internacionalización do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.»

Dous. Introdúcese un novo parágrafo no número 4 da disposición adicional décimo terceira, que queda redactado como segue:

«Ademais, os procedementos de selección e avaliación do persoal docente e investigador ao servizo das universidades públicas, e do persoal investigador e de investigación ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, terán en conta as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade, de forma que as persoas que se encontren ou se encontrasen nas ditas situacións teñan garantidas as mesmas oportunidades que o resto do persoal que participa nos procesos de selección e avaliación, e o seu expediente, méritos e currículum vitae non resulten penalizados polo tempo transcorrido nas ditas situacións. O Goberno regulará a forma en que estas circunstancias serán tidas en conta.»

Tres. Modifícase a disposición adicional vixésimo terceira, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional vixésimo terceira. *Normas comúns aos contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans e programas públicos de investigación científica e técnica ou de innovación.*

1. De acordo co sinalado no número 2 da disposición adicional décimo quinta do Estatuto dos traballadores, non se aplicará o disposto no seu artigo 15.1.a) en materia de duración máxima do contrato por obra ou servizo aos contratos para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica a que se refiren os artigos 20.2, 26.7 e 30 e o número 2 da disposición adicional décimo cuarta desta lei.

Tampouco lles resultará de aplicación o disposto nos parágrafos primeiro e segundo do artigo 15.5 do Estatuto dos traballadores, de acordo co previsto no número 3 da disposición adicional décimo quinta do Estatuto dos traballadores.

A excepción expresada neste número aplicarase unicamente ás administracións públicas, organismos públicos, universidades públicas e outras entidades do sector público consideradas axentes de execución do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación de acordo co artigo 3.4 desta lei, que formalicen contratos temporais para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica.

2. As entidades a que se refire o último parágrafo do número anterior e que non teñan ánimo de lucro poderán realizar contratos indefinidos, de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e concorrencia, para a execución de plans e programas públicos de investigación científica e técnica ou de innovación e financiados mediante consignacións orzamentarias anuais consecuencia de ingresos externos de carácter finalista, de conformidade co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, vinculados á duración dos correspondentes plans e programas.

Esta previsión respectará, en todo caso, as medidas relativas á contratación que establezan as leis de orzamentos xerais. »

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.*

Modifícase a disposición adicional quincuaxésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que queda redactada da maneira seguinte:

«Disposición adicional quincuaxésimo cuarta. *Réxime aplicable aos contratos celebrados polos axentes públicos do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.*

Atendendo á singular natureza da súa actividade, como excepción ao límite previsto no artigo 118 desta lei, terán en todo caso a consideración de contratos menores os contratos de subministración ou de servizos de valor estimado inferior ou igual a 50.000 euros que celebren os axentes públicos do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, sempre que non vaian destinados a servizos xerais e de infraestrutura do órgano de contratación.

Para estes efectos, enténdense comprendidos entre os axentes públicos do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, nos termos establecidos na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación, fundacións, consorcios e demais axentes de execución da Administración xeral do Estado, os organismos e entidades de investigación similares aos anteriores dependentes doutras administracións públicas, as fundacións de investigación biomédica, e os centros, institucións e consorcios do Sistema nacional de saúde.

Nos contratos menores que celebren os axentes públicos do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, a tramitación do expediente exixirá a emisión dun informe do órgano de contratación que xustifique de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares aplicables a estes.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación naqueles contratos cuxo pagamento se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagamentos menores, sempre e cando o valor estimado do contrato non exceda 5.000 euros.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

O presente real decreto lei dítase ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado conforme o artigo 149.1.15.^a e 18.^a da Constitución sobre fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica e as bases do réxime xurídico das administracións públicas, respectivamente.

Exceptúanse do anterior a disposición adicional única, que se dita ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 14.^a da Constitución, que atribúen ao Estado competencia exclusiva nas bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e en materia de facenda xeral e débeda do Estado, e a disposición transitoria única, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para o establecemento das normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Pola súa parte, as disposicións derradeiras primeira e segunda, que modifican, respectivamente, a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ampáranse nos mesmos títulos competenciais que as normas modificadas.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN